REUNIÓN DA COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 15.02.2017 Hora: 16:00

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de febreiro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei en Comisión

1.1 354 (10/PNC-000002)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

1.2 3042 (10/PNC-000297)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, así como o incremento dos recursos orzamentarios destinados a ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017

1.3 3121 (10/PNC-000305)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Goberno central e Navantia para o establecemento dun sistema descentralizado de compras e aprovisionamentos nos estaleiros de Ferrol e Fene
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017

1.4 3631 (10/PNC-000355)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación

co posible impacto no sector galego da automoción das políticas comerciais anunciadas polo novo presidente dos Estados Unidos de América
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017

1.5 3855 (10/PNC-000358)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co aumento do prezo das tarifas eléctricas iniciado a comezos de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

1.6 4070 (10/PNC-000380)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos postos de traballo e das actividades produtivas de Cee e Dumbría e outras localidades asociadas á non-segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións, así como as accións encamiñadas a incrementar os niveis de emprego e a actividade industrial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.02.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.1 354(10/PNC-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:37
Nº Rexistro: 354
Data envio: 21/10/2016 13:37:00.362

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Abel Losada Alvarez e Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Se hai dous sectores económicos nos que os gobernos da dereita, tanto en Galicia como en España, teñen mostrado que as súas políticas económicas son profundamente erradas é a industria e a enerxía.

Probablemente a empresa Ferroatlántica S.A. con instalacións produtivas en Cee e Dumbría e as centrais hidroeléctricas na canle dos ríos Xallas e Grande é un exemplo claro dos erros cometidos. Unha empresa mercada en 1992 polo empresario Villar Mir, con 170 MW de potencia enerxética instalada, que tiña nese momento en torno aos 600 traballadores/as e que na actualidade se sitúa en torno aos 280; e na que non se fixeron neste 24 anos inversións de relevancia, máis alá do mantemento.

Neste contexto de falla de expectativas para os traballadores e traballadoras, recentemente saíu publicado nos medios de comunicación por responsables do Grupo Ferroatlántica a intención de vender as centrais hidroeléctricas da nosa comarca.

Esta empresa ten a concesión para explotar os nosos recursos naturais, tense beneficiado destas concesións públicas supeditadas ao mantemento e xeración de postos de traballo, así como, a Declaración de Utilidade Pública, para a expropiación de terreos e para a construción e explotación das centrais hidroeléctricas do Xallas e Grande.

As actividades de enerxía eléctrica e de ferroaleacións forman unha "única unidade produtiva". A vinculación de ditas actividades está obrigada pola Xunta de Galicia, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 9/05/1996 e Tribunal Supremo con data 18/10/2001, e resolución de Augas de Galicia por transferencia de titularidade de data 15/10/2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:37
Nº Rexistro: 354
Data envio: 21/10/2016 13:37:00.362

Esta situación ten sido ratificada recentemente en sede parlamentaria pola unanimidade de todos os grupos parlamentarios. Así como, as declaracións institucionais da deputación da Coruña e os concellos da comarca en distintas sesións plenarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten os fluxos de enerxía eléctrica que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico.

2. Non autorice a venta das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande explotadas por Ferroatlántica.

3. Exixir á empresa Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee a través das inversións necesarias para este fin.

4. Solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de enerxía, recaian no centro de traballo de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas, como así foi desde sempre, na historia de Carburos Metálicos.

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M. Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:37
Nº Rexistro: 354
Data envio: 21/10/2016 13:37:00.362

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/10/2016 13:33:57

María Dolores Toja Suárez na data 21/10/2016 13:34:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/10/2016 13:34:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.2 3042(10/PNC-000297)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, así como o incremento dos recursos orzamentarios destinados a ese fin

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 12:59
Nº Rexistro: 3042
Data envio: 05/01/2017 12:59:43.125

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** a iniciativa dos seus deputados e deputadas **Luís Villares Naveira, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Perez, Anxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan Jose Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodriguez Estevez, Eva Solla Fernández e Paula Vazquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Comisión**, referente ás necesarias modificacións na orde do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 na Comunidade Autónoma de Galicia (código do procedemento IN414D).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo os últimos datos estatísticos dos que dispoñemos no país son preto de 198.000 os fogares susceptibles de sufrir pobreza enerxética, este un problema xerado pola usura e avaricia das multinacionais que controlan o sector co apoio dos gobernos de turno, e unha política económica que incrementou a desigualdade de forma exponencial.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 12:59
Nº Rexistro: 3042
Data envio: 05/01/2017 12:59:43.125

Unha situación que puidera ser superada con iniciativa e vontade política, xusto o que non demostra o Goberno da Xunta, decisións como as que no día de onte se publican no DOGA amosan esta falla de compromiso.

A orde pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas urxentes para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas as persoas, son un verdadeiro insulto para a maioría social. As condicións de acceso inciden só nas familias en situación de pobreza extrema. Xa que a renda máxima para optar a estas axudas situase por parte do goberno en 6.390,13€ de ingreso bruto familiar anual, o que deixa fora a gran maioría das familias que necesitarían esta axuda, ademais de engadir os requisitos de estar ao día con todos as administracións públicas, ou a complexa tramitación administrativa,un conxunto de trabas que conforman cóctel que imposibilita a achega para milleiros de familias.

A Xunta apenas achega 400.000€ para este bono, utilizando o argumento da non utilización durante o exercicio do 2016 do conxunto do orzamento destinado a este fin, que foi modificado en novembro destinando 200.000€ a iluminación do Gaias, un claro exemplo das prioridades do Goberno.

Un Goberno responsable, con empatía coas familias que pasan dificultades, entendería a necesidade de mudar as condicións de acceso, para que se gastase o conxunto do crédito adicado ou investir dunha forma mais importante.

Dende En Marea plantexamos para os vindeiros orzamentos unha achega de 10.000.000€ para un plan de erradicación da pobreza enerxética, pero mentras tanto cremos necesario mudar a orde para que chegue a mais familias.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 12:59
Nº Rexistro: 3042
Data envio: 05/01/2017 12:59:43.125

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Modificar a orde do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 na Comunidade Autónoma de Galicia (código do procedemento IN414D) de forma que se flexibilicen as condicións de acceso a axuda, mediante o incremento do ingresos máximos por unidade familiar, así como a cuantía máxima que debe pasar dos 200€ actuais, a cando menos, o total das facturas que se pretenden cubrir.

2) Realizar as medidas orzamentarias necesarias para incrementar de forma substancial os 400.000€ destinados a este fin.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/01/2017 12:56:58

Paula Vázquez Verao na data 05/01/2017 12:57:02

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/01/2017 12:57:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 12:59
Nº Rexistro: 3042
Data envio: 05/01/2017 12:59:43.125

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Juan José Merlo Lorenzo na data 05/01/2017 12:57:11

Carmen Santos Queiruga na data 05/01/2017 12:57:13

Antón Sánchez García na data 05/01/2017 12:57:17

Eva Solla Fernández na data 05/01/2017 12:57:20

Luca Chao Pérez na data 05/01/2017 12:57:22

Paula Quinteiro Araújo na data 05/01/2017 12:57:25

Luis Villares Naveira na data 05/01/2017 12:57:29

Magdalena Barahona Martín na data 05/01/2017 12:57:32

José Manuel Lago Peñas na data 05/01/2017 12:57:35

Francisco Casal Vidal na data 05/01/2017 12:57:38

David Rodríguez Estévez na data 05/01/2017 12:57:41

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.3 3121(10/PNC-000305)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Goberno central e Navantia para o establecemento dun sistema descentralizado de compras e aprovisionamentos nos estaleiros de Ferrol e Fene

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3121
Data envio: 10/01/2017 13:57:10.701

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado, **Francisco Casal Vidal**, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión, relativa á necesidade de instar á empresa pública Navantia a establecer un centro de compras descentralizado no seu complexo Ferrol-Fene dentro do necesario plan industrial destes estaleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa pública Navantia está a sufrir as consecuencias dunha pésima xestión empresarial froito dunha política dun goberno e dun partido (o PP) que rexeita o carácter público deste estaleiro e que, polo tanto, renuncia a intervir para salvagardar un sector estratéxico con potencialidades extraordinarias para o desenvolvemento social, económico e industrial do noso país. A centralización da xestión e a imposición dunha estrutura organizativa e funcional equivocada, sumada á incapacidade da área comercial para conseguir novas contratacións e á negativa do Goberno a avanzar investimentos produtivos e programas de construción que dependen del, configuran unha intervención política errática causante da evidente falta de rumbo vixente nunha empresa e sector fundamentais para a industria galega. O estrangulamento que os gobernos do PP provocan aos estaleiros públicos da ría de Ferrol comporta ademais neste territorio unha brutal desfeita socioeconómica, despois de sucesivas reconversións frustradas, vetos europeos e abandono por parte dos gobernos de turno.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3121
Data envio: 10/01/2017 13:57:10.701

Por todo iso, resulta urxente desenvolver unha ferramenta clave para desenvolver o futuro dos estaleiros públicos da ría de Ferrol que se concretaría na aprobación dun Plan Industrial, que sexa acordado coa representación sindical do persoal e con todos os axentes que participan na cadea de valor. Non se pode continuar aprazando a negociación deste plan.

Un Plan Industrial que ten que desenrolar diversas liñas forza que iremos desenvolvendo en sucesivas Propostas non de lei.

Unha das principais ten relación coa desafortunada e trasnoitada decisión da dirección de Navantia de centralizar en Madrid as compras e os aprovisionamentos de todos os estaleiros, afastando e burocratizando a toma de decisións de onde se producen as necesidades e onde se desenvolve o traballo, o que provoca un sen fin de disfuncións e atrasos inxustificados.

O argumento do aforro de custos era comprensible en sistemas produtivos do século XX que non podían dispor das ferramentas informáticas adecuadas para permitir unha óptima coordinación dun sistema de compras e aprovisionamentos descentralizados.

Unha estrutura orgánica descentralizada na que a maioría das decisións da Dirección de Materiais tómanse a nivel de planta ou división, aínda que mantendo un coordinador de aprovisionamento a nivel corporativo responsable da estratexia de aprovisionamento global de toda a compañía.

A nivel de planta descentralízanse grupos de aprovisionamento que, a medida que pasa o tempo, desenvolven os coñecementos e habilidades necesarias para interactuar con todo tipo de subministradores. Iso conduce a un desenvolvemento máis rápido da dirección de materiais a nivel de planta e a unha integración máis rápida de subministradores locais no proceso de fabricación. Isto é un aspecto decisivo e importantísimo para garantir o desenvolvemento dunha industria

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3121
Data envio: 10/01/2017 13:57:10.701

auxiliar na contorna física do estaleiro, que desta maneira veríase fortalecida para desenvolver, ademais do seu traballo principal, actividades de innovación que lles permitisen acceder a outros mercados internacionais e a outras actividades conexas. Un exemplo paradigmático deste tipo de estratexias é o da industria auxiliar de compoñentes creada ao redor da factoría de PSA en Vigo.

As corporacións onde a interacción e implicación do subministrador é crítica para a fabricación e o desenvolvemento do produto, ou que teñen frecuentes cambios de deseño nos seus compoñentes, son mellor xestionadas por unha estrutura organizativa de aprovisionamento descentralizada.

Unha estrutura que permitiría:

- Ordenes de pedido máis rápidas.
- Mellor manexo de materiais.
- Control de aprovisionamento directo.
- Tempos de resposta máis baixos.

A descentralización permite que as decisións sexan tomadas polos niveis máis próximos ao desenvolvemento do produto proporcionando un aumento da eficiencia.

Desta maneira veríase incrementada dunha maneira moi importante:

- A competitividade e calidade da factoría e os seus produtos.
- O impacto socioeconómico na zona de Ferrolterra.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3121
Data envio: 10/01/2017 13:57:10.701

- A creación de postos de traballo de calidade en especialidades técnicas e de loxística.

- E, en resumo, a garantía de viabilidade duns estaleiros como os de Navantia Ferrol-Fene que poderían volver ser referente mundial na construción de barcos de todo tipo.

Evitándose, así, procesos que inciden en disfuncións que como consecuencia de todo iso implican atrasos nos prazos de entrega e incremento de custos como os producidos na fabricación do último flotel para PEMEX.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir para garantir o futuro e a competitividade de Navantia Ferrol-Fene promovendo medidas como a exposta e outras que iremos propoñendo en sucesivas Propostas non de lei e que conformarían un novo Plan Industrial.

A este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

Realizar as xestións oportunas ante o Goberno do Estado e a presidencia da compañía pública Navantia para que, de maneira urxente, se estableza un sistema descentralizado de compras e aprovisionamentos nos estaleiros de Ferrol e Fene sobre a base do recollido nesta iniciativa.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3121
Data envio: 10/01/2017 13:57:10.701

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 10/01/2017 13:55:59

Luis Villares Naveira na data 10/01/2017 13:56:09

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.4 3631(10/PNC-000355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co posible impacto no sector galego da automoción das políticas comerciais anunciadas polo novo presidente dos Estados Unidos de América

Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3631
Data envio: 17/01/2017 18:39:49.636

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A chegada de Donald Trump á Presidencia dos Estados Unidos de América está introducindo elevados niveis de incerteza en moitas actividades económicas, pero con poucos sectores ten sido tan claro como coa industria da automoción, no só do seu país, senón tamén coas empresas no estranxeiro.

Unha deriva proteccionista que está a afectar fundamentalmente a industria automotriz de México, ameazando con impor "grandes aranceis" aos fabricantes estadounidenses Ford e General Motors (GM), o xaponés Toyota, si seguen ensamblando os seus vehículos fora de EE.UU. e os venden no seu país. Así, Ford xa cancelou unha inversión de 1.600 millóns de $ para unha planta en México.

Neste momento, a industria automotriz é un símbolo do estatus do sector industrial en calquera parte do mundo. En Galicia, o Grupo PSA é un tecido industrial moi competitivo en torno ás auxiliares da automoción, teñen acadado un grande de competitividade internacional moi elevado.

De feito, a industria galega auxiliar da automoción ten situado en México un dos seus focos máis importantes de expansión. México superou en 2010 os dous millóns de vehículos producidos; en 2015 superou os 3,25 millóns e as proxeccións eran que antes de 2020 supere os 5 millóns.

Pero fronte a estas expectativas de crecemento, os riscos para a industria mexicana de automoción son neste momento moi elevados, xa que pode haber un efecto dominó en outras compañías e industrias que sigan o exemplo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3631
Data envio: 17/01/2017 18:39:49.636

Aínda que México non é o maior exportador de vehículos a EE.UU., pois Xapón, Alemaña e Canadá disputan o primeiro lugar, ten algunhas vantaxes respecto a outros países. Por un lado, ten máis de 40 tratados de libre comercio con diferentes países e a Unión Europea, que lle permiten importar materias primas con aranceis preferenciais, e por outra, é parte do Tratado de Libre Comercio de América del Norte (TLCAN), e así os vehículos feitos en México poden pasar a través da fronteira USA sen pagar impostos.

Estas son as razóns polas que a industria automotriz de México está no punto de mira do novo goberno dos Estados Unidos, o que engade un elemento importante de incerteza máis ao sector galego das auxiliares da automoción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a constituír un grupo de traballo, do que formen parte o Grupo PSA, as empresas auxiliares da automoción e os sindicatos, para avaliar o impacto que as políticas comerciais anunciadas polo novo presidente dos USA, poden ter no sector da automoción galego; así como definir as mellores estratexias a seguir para minorar os seus efectos na produción e no emprego.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3631
Data envio: 17/01/2017 18:39:49.636

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/01/2017 18:39:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2017 18:39:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 18:39:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.5 3855(10/PNC-000358)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co aumento do prezo das tarifas eléctricas iniciado a comezos de 2017

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 13:31
Nº Rexistro: 3855
Data envio: 20/01/2017 13:31:09.366

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ás medidas que ten que tomar o goberno galego en relación cos aumentos de prezo da tarifa eléctrica.

Os datos do IGE coñecidos no mes de decembro de 2016 son preocupantes e poñen o acento no incremento porcentual do grao de risco de exclusión e pobreza así como nas dificultades por parte dos fogares galegos á hora de manter a vivenda a unha temperatura axeitada nos meses de inverno. arredor de 375.000 fogares galegos que cada mes ingresan menos do SMI.

O 18 de xaneiro, no marco dunha vaga de frío que se estendeu na Península e afectou de forma considerábel ao noso país, que padeceu un grande descenso das temperaturas, coñecemos un importante aumento das tarifas eléctricas. O propio ministro de enerxía recoñecía que o recibo eléctrico sería en 2017 ata cen euros máis caro do que o ano anterior. Nos primeiros días do ano 2017 os prezos da electricidade incrementáronse até o 11% se comparamos co ano 2016 chegando até os 78'8€ por megawatio hora, o que supuxo bater o récord á alza desde 2013. No noso contexto socioeconómico isto supón o aumento da xa de por si enorme fenda entre os ingresos dos fogares e o volume que supón nas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 13:31
Nº Rexistro: 3855
Data envio: 20/01/2017 13:31:09.366

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súas economías o pagamento do recibo da luz, un ben básico e de primeira necesidade.

Desde o nacionalismo galego temos denunciado o gran calote que supón o mercado eléctrico no Estado español, máis aínda despois das modificacións de tarifas do Partido Popular, que non fixeron máis que contribuír ao escurantismo dun oligopolio cuxo funcionamento está nas antípodas da transparencia. Aliás, en aras do presunto "déficit tarifario" o emporio eléctrico mantén os seus beneficios a custo das persoas consumidoras, supoñendo un abuso ao tratarse dun ben de primeira necesidade.

Doutra banda, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e deseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular teñen impedido a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade malia que isto abriría as portas a unhas menores e máis controladas tarifas, redundando en última instancia no ben dos e das consumidoras domésticas e das empresas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 13:31
Nº Rexistro: 3855
Data envio: 20/01/2017 13:31:09.366

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Demandar do goberno español medidas urxentes para reverter o drástico aumento da luz iniciado a comezos de 2017 e modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

2.- Elaborar un estudo para o desenvolvemento e implantación dunha tarifa eléctrica galega como país excedentario canto á produción de electricidade e que poida reverter nuns mellores prezos para as consumidoras domésticas e para as empresas."

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 13:31
Nº Rexistro: 3855
Data envio: 20/01/2017 13:31:09.366

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2017 13:29:35

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2017 13:29:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/01/2017 13:29:46

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2017 13:29:51

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2017 13:29:52

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2017 13:29:56

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2017 Hora: 16:00
Orde do día

1.6 4070(10/PNC-000380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos postos de traballo e das actividades produtivas de Cee e Dumbría e outras localidades asociadas á non-segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións, así como as accións encamiñadas a incrementar os niveis de emprego e a actividade industrial

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 12:44
Nº Rexistro: 4070
Data envio: 25/01/2017 12:44:28.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ás accións que debe levar a cabo a Xunta para garantir o mantemento dos postos de traballo e actividades produtivas de Cee e Dumbría e outras localidades asociados á non segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións así como ás accións encamiñadas a incrementar os niveis de emprego e actividade industrial.

En outubro de 2016 fixéronse públicas novas nos medios de comunicación que apuntaban á existencia de contactos empresariais para a venta das centrais hidroeléctricas do río Xallas explotadas neste momento pola empresa Ferroatlántica.

Unha mudanza na titularidade das hidroeléctricas podería supoñer o primeiro paso para a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións contradicindo a natureza pola cal foron outorgadas as concesións e os ditames neste sentido que tiñan emitido o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e mailo Tribunal Supremo.

Diante desta situación de incerteza, a mobilización social e política trouxo de novo ao Parlamento Galego esta cuestión e na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 2 de decembro de 2016, adoptáronse os seguintes acordos:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 12:44
Nº Rexistro: 4070
Data envio: 25/01/2017 12:44:28.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaliaxes por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten os fluxos de enerxía eléctrica, que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico.

Exixir a Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee.

Establecer co grupo empresarial Ferroglobe e moi particularmente con Ferroatlántica S.A. os mecanismos necesarios de colaboración para conseguir incrementar os niveis actuais de emprego e de actividade industrial en Galicia e especialmente nos concellos de Cee e Dumbría.»

Por todo isto, desde o Grupo Parlamentar do BNG formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galicia acorda

- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a elaborar un informe coas actuacións levadas a cabo desde decembro de 2016 conducentes a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica así como para conseguir incrementar os niveis de emprego e de actividade industrial en Galicia e especialmente nos concellos de Cee e Dumbría.

- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a demandar da empresa un plano industrial para as fábricas de *Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas* consensuado coas organizacións de traballadores e traballadoras e sobre a base da non segregración das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaliaxes, así como a inclusión nel

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 12:44
Nº Rexistro: 4070
Data envio: 25/01/2017 12:44:28.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dun plano de reinversións derivado da explotación hidráulica dos nosos ríos e da necesaria compensación polos desinvestimentos destes últimos anos sobre a comarca.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2017 12:42:35

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2017 12:42:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2017 12:42:46

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2017 12:42:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 12:44
Nº Rexistro: 4070
Data envio: 25/01/2017 12:44:28.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2017 12:42:52

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2017 12:42:56